

# A perdiz

O seu nome científico é **Alectoris rufa**

Viven en bandadas de 16 e 25 exemplares

Ten o peteiro e as patas vermellas



## Datos:



Especie vulnerable



Ata 10-12 anos



En grupo



De 33 a 38 cm



Omnívoros

Refrán: quen colle moito maiz, ten forno quente e perdiz

# A perdiz

1. **É un animal solitario ou vive en grupo?**
2. **É a perdiz unha especie en perigo de extinción?**
3. **Como se chama un grupo de perdices?**
4. **É a perdiz un animal carnívoro?**
5. **Cantas perdices hai na imaxe?**
6. **Completa, quen colle moito...**
7. **Cantos anos soe vivir unha perdiz?**
8. **De que cor é o pico da perdiz?**

# ABELLA



As únicas abellas que normalmente vemos son as obreiras. Son femias que non están desenvolvidas sexualmente. Estas abellas buscan alimento.

**Frases:** van como abellas ó mel. Un refrán: A abella e a ovella, en Abril deixan a pelexa.

## DATOS:



**122-152 días**



**Omnívoros**



**1-1,4 cm**



**En grupos**



**Picaduras perigosas**




O traballo da abella rainha é sinxelo: pon os ovos que constituirán a nova xeración de abellas.

# Abella

- 1. Cantos días pode vivir a abella?**
- 2. Canto poden medir de longo?**
- 3. Poden ser as abellas macho obreiras?**
- 4. Que tipo de animal é?**
- 5. Para que lado está mirando a abella da dereita?**
- 6. Cal é o traballo da abella rainha?**
- 7. Completa, a abella e a ovella...**
- 8. Van soas as abellas?**

# Arroaz



O seu nome científico é *tursiops truncatus*.



Outra maneira de chamalos é: delfín, golfinho, golfinho común, arroaz nariz de botella.

É moi amigable e achégase moito ás persoas.

A cría deste chámase boto.

## Datos:

⚠ Común en Galicia

♥ 30-40 anos

🐰🐰 Grupo

↔ 3 a 4 metros

🍴 Carnívoro



# Arroaz



**1. Como se chama a cría?**

**2. Vai só ou en grupo?**

**3. Que outros nomes ten ?**

**4. Que animais se ven na imaxe?**

**5. Canto poden chegar a medir?**

**6. Canto tempo poden chegar a vivir?**

**7. É amigable?**

**8. Cantas aletas se ven na tarxeta?**



# AVESPA

**Términos relacionados:**  
**avespeiro e**  
**avesporeiro.**

**Por todo o mundo**  
**menos nos**  
**lugares fríos**



## DATOS:

! **Especie abundante**

♥ **De 2-4 semanas**

🐜🐜 **Grupo**

↑ **Ata 3 centímetros**

🍴 **Omnívoras**

**Sinónimos:**  
**avéspora, nespra e**  
**vespa.**

**Expresión:**  
**cintura de avespa.**

# AVESPA

1

Onde habita a avés?pa?

2

De que cor son os seus ollos?

3

É a avés?pa un animal en perigo de extinción?

4

Como vive a avés?pa?

5

Cantas avés?pas aparecen no debuxo?

6

É a avés?pa un animal hervívoro?

7

Que expresión común aparece?

8

Cantas ás ten a avés?pa?



# BOLBORETA



ENCÓNTRANSE EN TODOS OS  
CONTINENTES, EXCEPTO  
EN ANTÁRTIDA



Algún sinónimo:  
*choruma, papoia, paxa  
rela*

**Número de especies**  
**15000**

## Datos



O verme da seda é a larva dunha  
bolboreta.



A súa vida dura 12 meses



Viven soas



Ata 31 cm

Herbíboras



Poseen dous pares de ás membranosas cubertas  
de escamas coloreadas, que utilizan na  
termorregulación, o cortello e a señalización

# BOLBORETA

**1** Cantas especies hai no mundo?

**2** Onde podes atopalas?

**3** Acórdaste de algun sinónimo?

**4** Ata cantos centímetros pode chegar a medir?

**5** De que se alimenta?

**6** Cantas ilustracions hay na tarxeta?

**7** Viven en grupos ou soas?

**8** Cantos anos pode chegar a durar?

# Cabaliño do demo

**Sinónimos:** libélula, cabalo do demo ou lavacú.

## DATOS:



**Especies:** máis de 5000



**Aliméntanse de insectos**



**Periodo de vida:** 6 meses



**Non viven en parella**



**Son ovíparos**



**Os cabalos do demo sóbense ver máis no verán e case seguro que ves algún se estás perto da auga**

# Cabaliño do demo

1. Cando e onde se soen ver os cabalos do demo?

2. Cara a onde está mirando a libélula?

3. Canto viven as libélulas?

4. Que comen habitualmente?

5. Cantas especies se coñecen?

6. Como viven, en parella ou en solitario?

7. Canto viven aproximadamente?

8. Di 2 formas de chamarlle a este animal




# CABRA

**NO MUNDO  
HAI 500 MILLÓNS**

**REFRÁN: "O FILLO DA  
CABRA, CABRITO É"**

**GODALLA, CABUXA  
OU XENA SON OUTROS  
NOMES EN GALEGO  
DESTE ANIMAL.**



**PRIMEIRO ANIMAL  
DOMESTICADO  
POLO HOME**

## **DATOS:**



**MAMÍFERO ARTIODÁCTILO**



**VIVEN ENTRE 15-18 ANOS**



**VIVEN EN MANDAS**



**PODE MEDIR ATA 75 CM**



**HERBÍVOROS**

**DA FAMILIA  
DOS BÓVIDOS E  
RUMIANTES**

**1. Canto soe vivir unha cabra?**

**2. Cal foi o primeiro animal domesticado polo home?**

**3. Outros 2 nomes da cabra en galego**

**4. De que se alimenta?**

**5. Completa, "o fillo da cabra..."**

**6. A que familia de animais pertence?**

**7. Ata canto pode medir unha cabra?**

**8. Cantas se calcula que hai no mundo?**

# A centola



## Sinónimos:

Boi, burón,  
esqueiro, moca ou  
maea en latín



## DATOS:



O macho chámase cáncaro



Atópanse en Galicia



20 cm - 30 cm



Non se pode pescar a centola no  
verán



As centolas teñen pinzas para  
coller a comida

A centola considérase  
un animal parvo e sen  
coñecemento

# A centola

1. **Que sinónimos pode ter a centola?**
2. **Cantas centolas atopas na imaxe?**
3. **En que lugar de España se atopan as centolas?**
4. **Que nome ten o macho da centola?**
5. **Cando non se poden pescar as centolas?**
6. **Canto poden medir as centolas?**
7. **Para que teñen pinzas as centolas?**
8. **As centolas considéranse animais listos ou parvos?**



# O CORVO

Na cultura tradicional galega ver un corvo próximo á casa é agouro de morte próxima

Hai tamén un corvo mariño ao que se lle chama canilonga



## DATOS:

**Orde:** Passeriforme

**Familia:** Corvidae

**Xénero:** Corvus

**Mide:** entre 56-78 cm

**Peso:** entre 0,7-1,7 kg

**Refrán:**

**Cando o corvo vai pra o mar vai nevar**

# o corvo

1. Cantos corvos aparecen no debuxo?

2. Que sinónimos ten o corvo?

3. Que pasa se os corvos van pra o mar?

4. Como se chama á familia dos corvos?

5. Cal é o nome do corvo mariño?

6. De que era agoiro o corvo?

7. De que orde son?

8. Canto pesan os corvos?

# Escáncer



**Pequeno e de  
corpo moi fino**



**Non está en perigo**



**Pode vivir ate 50 anos**



**Solitario**



**Ata 50 cm**



**Herbívoro**

**Outra maneira de  
chamalo en galego  
é liscanzo**



**Tenden a refuxiarse  
debaixo de rochas,  
madeira e ferro**

# Escáncer



1. **Cantas serpes están mirando cara á esquerda?**
2. **Outra maneira de chamar o escáncer en galego**
3. **De que cor son as serpes que aparecen na tarxeta?**
4. **Canto pode vivir o escáncer?**
5. **Viven en colectividade ou en solitario?**
6. **Que tamaño poden acadar?**
7. **Está o escáncer en perigo?**
8. **O escáncer é carnívoro?**

# O GALO

O galo castrado coñécese como capón. En Galicia son moi famosos os capóns de Vilalba



## DATOS:

**Ovíparo**

**Macho da galiña**

**Son omnívoros**

**Familia: Phasianidae**

**N. científico: Gallus Gallus**

**Galo: é unha ave que posúe unha crista de cor vermella e elevada.**

**Un pico de tamaño curto, é curvo e robusto.**

**Refrán: onde hai galo non manda galiña**

# O galo

1. **Completa, onde hai galo...**
2. **Cal é o macho da galiña?**
3. **Como se lle chama ao galo capado?**
4. **Estaba mirando para a esquerda o galo?**
5. **Cal é o nome científico do galo?**
6. **En que localidade galega é famoso o capón?**
7. **De que cor é a crista do galo da imaxe?**
8. **Como son os galos canto á alimentación?**

# O GATO

Os gatos dormen  
o 70 % das súas  
vidas.

O gato tamén é un  
aparello para  
elear cargas moi  
pesadas.



## Datos:



Especie común



2 - 16 anos



Solitarios



23 - 25 cm



Omnívoros



Unha frase feita é:  
"coma o can e o  
gato".

# Gato

- 1 . Cantos gatos hai na imaxe?**
- 2 . Que outro significado ten a palabra gato?**
- 3 . Canto anos pode vivir un gato?**
- 4 . Canto mide un gato?**
- 5 . Son carnívoros os gatos?**
- 6 . Que frase feita aparece sobre o gato?**
- 7 . Canto dormen os gatos durante a súas vida?**
- 8 . Son os gatos animais solitarios?**



# A Lebre

**Fábula sobre a lebre:** A lebre e a tartaruga apostaron nunha carreira, no medio da carreira a lebre durmiu e a tartaruga gañou

## Datos:



**En perigo de extinción**



**Viven sobre 7 anos**



**Viven en familias**



**Corren ata 60km/h**



**Comen plantas ou raíces**



## FRASES

**Dar gato por lebre**

**Lebre que foxe, galgo que a segue**

**Ao mellor cazador váiselle a lebre**

**Á larga o galgo, a lebre mata**

# A Lebre

- 1. Cantos anos viven?**
- 2. Que protagonista sae na fábula?**
- 3. De que se alimentan as lebres?**
- 4. Canto corren?**
- 5. Que aprendizes sobre a fábula?**
- 6. Quen gañou na carreira da fábula?**
- 7. Cantas cenorias rodean ao coello?**
- 8. Como viven as lebres?**



# Lobo



**O lobo é un  
animal  
depredador**



**Viven e  
cazan en  
manda**

**DATOS:**



**Común en Galicia**



**Viven entre 6-10 anos**



**Viven en manda**



**Entre 66-81cm**



**Carnívoro**



**Un refrán sobre  
os lobos: na  
terra de lobos  
ouvear como  
todos**

**Algunhas palabras  
que derivan de lobo:  
lobada, lobeto,  
lobeiro  
lobectomía,...**

# Lobo

1. Os lobos viven son solitarios ou viven en mandas?

2. Cantos anos pode vivir un lobo?

3. Pódes dicir 2 palabras que derivan do lobo?

4. Que presas pode cazar un lobo?

5. Cantos animais aparecen no debuxo?

6. Onde se pode atopar este animal?

7. Como se chama a un grupo de lobos?

8. Sabes algún refrán sobre os lobos?

**POR TODO O  
MUNDO**




**EXCEPTO NA  
ANTÁRTIDA**

# MORCEGO

**PALABRAS DERIVADAS:**

**Megamorcegos, micromorcegos e  
morcegos-vampiros.**



**Atópanse en  
lugares escuros e  
de difícil acceso.**

## **DATOS:**



**Son animais nocturnos**



**Alimentación fructívora**



**Son dos poucos mamíferos  
capaces de voar**

**Pesan 2 kg e miden  
29-33 cm**



**Hai algunhas especies que se  
alimentan de sangue**



**Tamén chamado en Galicia  
quiróptero, espertello, monicego,  
monxego, moricego, muracego e  
morricego.**

## **morcego**

1. **Onde podemos atopar morcegos?**
2. **Cita dúas palabras derivadas de morcego?**
3. **Cantos e que insectos aparecen no debuxo?**
4. **Son capaces de alimentarse de sangue?**
5. **Onde é chamado monicego ou quiróptero?**
6. **Miran a mesma dirección as arañas e o morcego?**
7. **A que horas do día podemos ver estes animais?**
8. **De que se compón a maioría da súa alimentación?**

# Moucho



Os mouchos teñen o costume de mirar fixamente á contorna, o que lles proporciona fama de mal agoiro.



## Refráns:

- Cando o moucho mouchea ou neva ou xea.
- Cada moucho ó seu olivo.



Lonxitude: 21 - 23 cm.



Lonxevidade: de 9 a 12 anos.



Alimentación: carnívoro.



Diversos sons como un "chí - chí" ou "ki - ki"



Son Solitarios

O moucho considérase "De especial interese" no Catálogo Nacional de especies Ameazadas.

# Moucho

- 1. Cantos mouchos hai?**
- 2. Recita un refrán sobre o moucho.**
- 3. Por que se lles considera animais de mal agoiro?**
- 4. Canto tempo viven?**
- 5. Que sons realiza?**
- 6. De que se alimenta este animal?**
- 7. É unha especie ameazada?**
- 8. Son solitarios ou viven en parellas?**



# O BUFO

**Os bufos teñen moi boa visión, o que lles permite ser uns bos cazadores, tamén teñen moi bo oído.**



**O apareamento dos bufos é na primavera, e incuban os ovos uns 30 ou 40 días.**

## Datos

Ten a cabeza grande e ollos enormes.

Aves nocturnas máis intelixentes do planeta.

Teñen plumas e cores moi escuras.

Son aves rapaces nocturnas

Son carnívoras.

**As crías nacen sen plumas e non poden nin voar nin manterse quentes, por iso a nai lles proporciona calor e comida.**

# Bufo

1.

**Durante canto tempo se incuban os ovos dos bufos?**

2.

**Que tipo de aves son os bufos?**

3.

**Cando sucede o apareamento?**

4.

**Os bufos teñen boa vista e bo oído ou bo olfacto e boa vista?**

5.

**As súas plumas son escuras ou claras?**

6.

**Son carnívoros , herbívoros ou omnívoros ?**

7.

**Cantos bufos hai na imaxe ?**

8.

**Como son os seus ollos?**

# O BURRO

## O MEU BURRIÑO

Arre, corre,  
meu burro trotón,  
meu burriño manso,  
meu burriño bon!

Teñen moi boa  
memoria

### DATOS

⚠️ As orellas serven para  
estar frescos

💖 10-15 anos

🐘 Animal doméstico

📏 80-160 cm aprox.

🍴 Herbívoros

A palabra  
"burro" vén do  
latín de "borrico"  
que significa  
cabalo pequeno

Caer da burra:  
convencerse de  
algo.

Sinónimo: asno



# Burro

**1. Cantos burros hai na imaxe?**

**2. Que significa caer da burra?**

**3. Para que usan as orellas?**

**4. Que tipo de alimentación teñen?**

**5. Que sinónimo se menciona?**

**6. Cantos anos poden vivir?**

**7. De que palabra vén "burro"?**

**8. De que idioma vén "burro"?**

# O can de palleiro

**Pódeselle  
chamar can,  
cadelo ou  
cachorro.**

**Refrán:  
Polo pan baila o  
can.**

**A maioría son  
de cor clara.**



**É orixinario de  
Galicia.**



**Está en perigo**



**Menos de 500**



**Ata 15 anos**



**Familia e dono**



**Mide entre 59 e 63 cm**

**1. De onde é orixinario?**

**2. De que cor soen ser?**

**3. Está en perigo?**

**4. Cantos quedan?**

**5. Cómo se lle pode chamar?**

**6. Cantos cans hai na imaxe?**

**7. Dí o refrán que liches pola outra cara.**

**8. Canto é o máximo que poden vivir?**

# O cuco



**Orde dos  
cuculiformes.**

**O seu nome científico é  
cuculus canorus.**

## Datos:

 **Especie protexida**

 **3-5 anos**

 **Solitario**

 **32-34 cm**

 **Insectívoros**



**A súa longa cola mide  
de 13-15 cm.**

**Un refrán sobre o cuco  
di así "en abril sae o  
cuco do cubil".**

# Cuco

**1.** Cantos anos pode vivir un cuco?

**2.** Completa o refrán, "en abril..."

**3.** Que come o cuco?

**4.** Está o cuco en perigo de extinción?

**5.** Vive o cuco en grupos?

**6.** Canto mide a súa cola?

**7.** Cal é o seu nome científico?

**8.** De que cor é o cuco da imaxe?



# O escornabois

O escornabois é un  
escaravello de gran  
tamaño.



Tamén pode ser  
chamado:  
cervo voante, cabraloura,  
cornetón, vacaloura ...

Vive nas zonas de  
carballos.

## Datos:



Especie ameazada



Case ata os 5 anos e 3  
semanas



Solitarios



Ata 8 cm



Savía das árbores e zume de  
froitas  
maduras

Destaca nel a cornamenta dos  
machos. As femias non a teñen.

**1. De que se alimentan os escornabois?**

**2. En que grao de perigo están os escornabois?**

**3. Canto poden chegar a medir os escornabois?**

**4. Canto tempo poden vivir?**

**5. Viven en grupos ?**

**6. Onde soen habitar?**

**7. Dime unha característica apreciable no debuxo.**

**8. De que outra forma se lle pode chamar?**

# Percebe

**O nome galego, percebe, remonta ao latín pollicipes, composto de pollex "polgar" e pes "pé"**



**O percebe e O salmón, en maio están en sazón**

**Sinónimos:  
escaramullo  
pé de cabra**

## Datos



É un crustáceo



Ata 20 anos



Permanecen inmóbiles



Ata 4cm



Aliméntanse de fitoplancto

**Viven adheridos ás rochas en zonas moi batidas polo mar e formando grupos.**

## Percebe

**1. Cantos anos poden vivir os percebes?**

**2. Viven en solitario?**

**3. Indica dous sinónimos de percebe**

**4. A que clase de animais pertence?**

**5. Que tamaño poden acadar?**

**6. Completa, "o percebe e o salmón..."**

**7. De que se alimentan os percebes?**

**8. Cantos percebes hai na imaxe 2 ou 3?**

# O POLBO

Refrán: o polbeiro  
pouco diñeiro

O polbo é un molusco mariño  
cefalópodo.

O seu nome provén da palabra  
latina Octopus, que significa "oito  
pés"



## Datos:



Poden vivir ata 3 anos



En perigo en Galicia



Non viven en agrupacións



Son animais carnívoros



Pode chegar aos 6 m

A maneira máis  
tradicional de  
comelo en Galicia  
é o "polbo á feira"

# Polbo

1.

**Acaba o refrán: o polbeiro...**

2.

**Que comen os polbos?**

3.

**Poden vivir máis de 2 anos?**

4.

**De que cor é o polbo da imaxe?**

5.

**Polbo é unha palabra que provén de..?**

6.

**Están ou non en perigo extinción?**

7.

**Como se come máis en Galicia?**

8.

**Viven en agrupacións ?**

# O PORCO TEIXO

En galego ten outros nomes, como teixugo, teixón, teixudo.



Refrán: se queres suar e botar o frío fóra, come teixugo



**Estable**



Poden vivir máis de 16 anos.



**Solitario**



Miden entre 60 e 90  
cm



**Omnívoros**

Trátase dun animal de hábitos nocturnos.



# O PORCO TEIXO



1. Cantas imaxes se ven nesta carta?
2. Completa, "se queres suar..."
3. Cantos anos poden vivir?
4. Onde soe habitar este animal?
5. De que cores aparecen estes animais?
6. Ten hábitos nocturnos ou diurnos?
7. A cantos km vive da súa madrigueira?
8. Sinala outros 2 nomes que ten.



# O RAPOSO



**Tamén é chamado golpe. O castelanismo 'zorro' é incorrecto.**



**As femias poden chegar a ter camadas de ata 11 cachorriños.**

**A palabra raposo tamén pode significar: persoa astuta.**

**Un refrán do raposo é: "Onde non hai can, o raposo é capitán".**

## Datos:



Especie común



De 2-5 anos



Vive en manda



De 35-50 cm



Carnívoros

**1. Canto poden chegar a medir?**

**2. Indica un sinónimo de raposo**

**3. Habita en Asia?**

**4. Cantos cachorriños pode chegar a ter unha femia nunha camada?**

**5. Este animal vive en solitario?**

**6. É un animal herbívoro?**

**7. Como se lle pode chamar ao raposo?**

**8. Di un refrán coa palabra raposo**

# Ourizo de mar



**Carecen de brazos e pernas**

**A súa comida favorita son as algas e son diurnos**



**Cando Deus lle deu púas ao ourizo, el sabía o que fixo.**



**Perigo de extinción**



**15 - 200 anos**



**Comprenden preto de 950 especies vivas**



**É un tipo de tamaño medio, que non supera os 7 cm**



**Comen vexetais e pequenos animais en descomposición**


**Viven en todos os fondos mariños, ata os 2.500 metros de profundidade**

# Ourizo de mar

- 1. Cantos debuxos hai?**
- 2. Onde soen habitar?**
- 3. De que carecen?**
- 4. De que se alimentan?**
- 5.5- Canto tempo viven?**
- 6. 6- Cantas especies hai?**
- 7. Cal é o refrán ?**
- 8. Cando dormen?**

# PITA DO MONTE

As súas ás  
parecen as  
dun pavo real



Ten o pico  
en forma de  
garfo

## Datos:



En extinción



Ata os 15 anos



Viven en grupo



Ata 1 metro



Omnívoros

É unha ave moi  
colorida

**1** Esta ave vive soa ou en grupo ?

**2** Como ten o pico?

**3** Canto poden chegar a medir?

**4** Ata canto poden chegar a vivir ?

**5** É unha ave pacífica ?

**6** É unha ave pouco colorida ?

**7** Son herbívoros ?

**8** Está en perigo ?

# Porco espiño

É un  
animal  
nocturno.

Aparece nun poema de Ramón Cabanillas:  
E o que ollamos foi un cativo e fraco  
porco espiño que non tiña nin freba nin  
touciño.

É sinónimo de  
ourizo cacho,  
cachourizo e ourizo  
cacheiro.

## DATOS:



Especie vulnerable



Viven de 4 a 8 anos



Individualmente



60 x 24cm aprox.



Herbívoros



Aliméntanse das partes  
verdes dos vexetais, raíces...

# Porco espiño

- 1. É unha especie en perigo de extinción?**
- 2. Que sinónimos se mencionan?**
- 3. De que cor son as súas pugas?**
- 4. Cantas veces se repite na poesía?**
- 5. Está activo no día ou na noite?**
- 6. Pode vivir 15 anos?**
- 7. Viven en grupos?**
- 8. Con que se alimentan?**





# PORCO

Tamén chamado:  
cocho, chino,  
marrán, marrano,  
quino...



● porco asóciase na nosa cultura co San Martiño, época da matanza. "Polo San Martiño mata o porco e proba o viño".



● Os machos son cochos, as femias cochas e as crías leitóns



Habita en Galicia



Ata 20 anos de vida



Mamíferos



Entre 150 e 200 kg



Omnívoros



Ademais dun animal, tamén se pode utilizar como adxectivo significando merdento, porcallán ou sucio



# PORCO



1. **Como se chama a cría do porco ?**
2. **Ata cantos anos pode chegar a vivir ?**
3. **Completa o refrán, "Polo San Martiño..."**
4. **Que tipo de animal é o porco referíndonos á comida ?**
5. **Que lle pasa ao porco no San Martiño?**
6. **Ata canto pode chegar o peso dun quino ?**
7. **Que máis signiica ser cocho, ademais do animal ?**
8. **Di 3 sinónimos de porco...**

# A Ra

**Cando as ras crien pelos** **Sinónimos:** sapo, sapillo, cágado, batracio



## Datos

**1\_12 anos**

**É anfíbio**

**É carnívoro**

**É dos anuros**

**1 cm- 30 cm**

**O son que fan é Croar**

# A Ra

**1 É este animal sinónimo de batracio?**

**2 Que quere dicir " Cando as ras teñan pelo"?**

**3 Aparece algún poema das ras no texto?**

**4 Canto viven as ras?**

**5 Que fan as ras?**

**6 Cantos sinónimos aparecen?**

**7 Que tipo de animal é a ra?**

**8 Cantas ras aparecen na imaxe?**

# ROBALIZA

É un gran depredador.

Soe habitar en costas rochosas dos areas,  
desembocaduras de ríos e portos.

Vive en profundidades de 10 a  
15 metros.



## DATOS:

! Especie estable

♥ Ata 30 anos

👉 Banco ou solitarias

↑ Ata 100 cm

🍴 Omnívoro

Con carnada de sardiñas comerás  
boas robalizas.

Peixe mariño da orde dos  
perciformes

**1.** As robalizas son herbívoras?

**2.** De que color son as liñas laterais da robaliza da imaxe?

**3.** Como viven as robalizas?

**4.** Onde soen vivir as robalizas?

**5.** Cal é a medida máxima dunha robaliza?

**6.** Cantos anos poden chegar a vivir as robalizas?

**7.** A robaliza é unha especie en perigo de extinción?

**8.** Cal é o refrán?



# A Rula

**É sinónimo  
de rola.**

**DAME UN BICO, MIÑA  
ROLA  
(Expressa cariño)**



**Comen principalmente  
sementes.**

## **DATOS:**



**S.TURTUR**



**UN ANO E MEDIO**



**BANDADAS**



**ATA 29 CM**



**HERBIVORA**

**CANDO A RULA COMEZA  
RULAR, COLLE O FOL E VAI  
SEMENTAR**

# A rula

**1.**

**De que cor é o pescozo da rula?**

**2.**

**Con que se alimenta?**

**3.**

**Canto tempo vive?**

**4.**

**De que cor ten as patas?**

**5.**

**Miden 50 centímetros?**

**6.**

**Cantas espigas de trigo aparecen?**

**7.**

**Que país se representa no mapa?**


**8.**

**Como se lle chama ao grupo de rulas?**



# Saltón

Ano de saltón ano  
de perdigón



## DATOS:



Especie non está en perigo



Preto de seis semanas.



Un cando están máis  
ou menos solitarios



Ata 3 km/h



Omnívoro

SINÓNIMOS:  
Cabaleta e besbello



Vén da palabra saltar

# SALTÓN



- 1. Di sinónimos de saltón?**
- 2. Canto dá percorrido o saltón?**
- 3. Este animal vive en España?**
- 4. Está en perigo de extinción?**
- 5. Cantos saltóns hai na tarxeta?**
- 6. Que come?**
- 7. Cantas patas ten?**
- 8. De onde vén a palabra saltón?**

# A Sardiña

Lévanse pescando miles de anos polos seus nutrientes

Refrán: polo San Xoán, a sardiña molla o pan.



## DATOS:



Abundan na súa especie



Viven ata 15 anos



Viven en grandes bancos



Miden 25cm



Se alimentan de planton e pequenos peixes

Aliméntanse do plancto que filtran polas branquiespiñas

As femias producen dende 50.000 ata 60.000 ovos

# Sardiña

1. Cantas sardiñas se ven na imaxe?
2. Viven en solitario ou en bancos?
3. Canto poden chegar a vivir?
4. Canto tempo se levan pescando?
5. Están en perigo de extinción?
6. Cantos ovos poden producir?
7. De que se alimentan?
8. Completa, polo San Xoán...



# A VACA

No único lugar onde non se consome é na India, onde se considera un animal sagrado

**Hoxe en día viven en case todo o mundo**

**As súas crías chámanse tenreiros, xatos ou cuxos**

## Datos



**Especie estable**



**Ata uns 25 anos**




**Viven en rabaños**



**Uns 1,50 m**



**Herbívoro**



**As vacas foron domesticadas hai aproximadamente sete mil anos**

**É un mamífero rumiante**

# A vaca

**1**

**A vaca é carnívora?**

**2**

**Que tipo de animal é a vaca?**

**3**

**Como se lles chama a un grupo de vacas?**

**4**

**Di 2 nomes das súas crías**

**5**

**Cando foron domesticadas?**

**6**

**Onde viven?**

**7**


**Onde é un animal sagrado?**

**8**

**Cantos anos poden chegar a vivir?**

# xabarín

**Se teñen crías  
non te acercas  
ou te atacarán**



**Mamífero salvaxe da  
familia dos suídos  
moi semellante ao  
porco doméstico, de  
pelame mesto e  
forte, cor escura,  
gris ou negra.**

**As súas comidas  
favoritas son as  
raices, sementes e  
vexetais**



## Datos:



**Non estan en perigo de  
extinción**



**Entre 2 e 5 anos**



**Viven en solitario**



**Miden entre 55 e 120 cm**



**Omnívoros**

- 1.** Cantos xabaríns se encontran na imaxe?
- 2.** Viven en solitario ou en mandas?
- 3.** Aos xabaríns gústanlles os vexetais?
- 4.** Os xabaríns son carnívoros ou hervívoros?
- 5.** Que vexetal aparece na tarxeta?
- 6.** Están ou non están en perigo de extinción?
- 7.** Poden medir máis de un metro?
- 8.** Canto poden vivir estes animais?